




CGT

A forza está nos traballadores


Cun só día de paro este mércores, conseguiuase o compromiso de Navantia de aumentar a plantilla da limpeza en 20 traballadores, insuficiente para garantir a seguridade, pero infinitamente máis do que conseguiu o comité nun mes de reunións coa empresa. Demóstrase novamente que calquera avance para os traballadores depende da **loita colectiva**, e non das habilidades negociadoras dos seus representantes sindicais.

CCOO, MAS e UXT atópanse máis a gusto nos despachos que na loita, de forma que, lonxe de chegar a tal conclusión, decidiron á última hora da tarde desconvocar o paro sen agardar a que se execute a contratación deses 20 traballadores. E a primeira hora do xoves montaron un paripé xunto coa empresa, visitando taquillas, duchas e baños para "comprobar" que todo estivese en orde. Xa nos dirán que melloras esperaban atopar tras un día de paro total.

A realidade hoxe é que a limpeza ten a mesma plantilla, que a frecuencia de hixienización no aseo do AAOR1 aumentou, pero a costa das taquillas da IA da porta do Estaleiro, nas que agora hai un traballador da limpeza menos... É dicir, **máis do mesmo**.



Se no canto dun paro illado, convocado e desconvocado burocraticamente e sen unha táboa reivindicativa, nos dotamos cun **plan de loita** debatido co conxunto dos traballadores da principal e das auxiliares, con **reivindicacións concretas** que garantan a seguridade e os dereitos laborais dos traballadores, outro galo lle cantaría a Navantia e os empresarios das compañías.



¿Nada que contar?

A xuntanza empresa-intercentros da semana pasada durou **tres días**. Porén, **non** houbo comunicado do intercentros.

Unha duración tan atípica só pode significar unha cousa: tratouse algún tema **relevante** (en concreto, do teletraballo). Independentemente de que finalmente non houbo acordo coa empresa, o intercentros debeu informar do falado porque estar informados é un **dereito** dos traballadores/as.

Novos ingresos

Nas últimas semanas, a parte social da Comisión de Emprego de Fene-Ferrol debateu unha proposta de CCOO, á que se sumou MAS. En esencia, a proposta foi que coa xente sen praza de **2019** se formase unha bolsa de emprego para a contratación eventual.

Un dos puntos do programa con que a **CGT** nos presentamos ás eleccións sindicais dicía: "Creación de bolsas de traballo con criterios claros e públicos". ¿Estamos a favor das bolsas de traballo? Si, pero non de calquera maneira.

A **CGT** rexeitou a proposta de CCOO por múltiples motivos:

- 1) A creación de bolsas de emprego **non** pode ser para a convocatoria dun só ano, ¿Que senso ten isto?
- 2) En calquera caso, non pode ser para a de 2019 porque as súas bases foron **xa publicadas**.

Teletraballo e TES

Navantia, incumprindo tanto o protocolo como as disposicións legais, obrigou a reincorporarse a compañeiros/as que estaban teletraballando e a TES (incluso a un que marcha prexubilado este mes).

Os TES que protestaron foron enviados de volta a casa. Navantia actuou coma os bancos: cobran pola cara unha comisión; se protestas, cha devolven, e se non, fan caixa. **Impresentable**.

A preferencia do teletraballo está moi clara. Pero se un traballador pode e quere teletraballar, **é a empresa a que ten que facilitarlle os medios**. O teletraballo non pode depender de que se dispoña na casa dun ordenador axeitado.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



CGTNavantiaFE

- 3) A proposta é totalmente **inconcreta**. Hai que definir cousas tan importantes como quen tería dereito a entrar na bolsa.
- 4) Antes de abrir temas novos, hai que **rematar os pendentes**. O prioritario é rematar o proceso da convocatoria de 2019.

Finalmente, a decisión da Comisión foi esixir-lle á empresa unha reunión urxente a semana que vén para abordar o remate das prazas de 2019 pendentes.

A proposta de CCOO-MAS só tiña unha explicación: favorecer a determinadas persoas.

En calquera caso, ten que servir para, de cara a **futuras** convocatorias, elaborar unha **alternativa** para unha bolsa de emprego **xusta** que tamén sirva para impulsar a loita pola **contratación directa** por parte de Navantia dos traballadores/as que necesita, co obxectivo de **acabar coa subcontratación**.



Vacacións pendentes

A empresa está avisando a todo o persoal de que ten que desfrutar as vacacións pendentes de anos anteriores antes do 30 de xuño, como marca o convenio.

Dende a CGT pensamos que, nesta situación de excepcionalidade, ese límite tense que **adiar** tanto tempo como dure o estado de alarma.

As traballadoras/es non somos responsables da emerxencia sanitaria que estamos a vivir. Temos dereito a desfrutar dunhas vacacións sen limitacións.

Nesta situación de semiconfinamento, non é de recibo que se obrigue a gastar esas vacacións.